Os datos do cadro 4.37 indican unha mellora xeral na situación do desemprego en Galicia, cunha redución notable no número total de desempregados e, especialmente, unha caída significativa no número de persoas desempregadas de longa duración. En 2024, as persoas desempregadas que levaban buscando emprego menos de 6 meses foron 43.000, lixeiramente por riba das 41.300 rexistradas en 2023. Por outra banda, o grupo de desempregados que levaban entre 6 meses e menos de 1 ano en busca de emprego tamén experimentou cambios. En 2024, este grupo estaba composto por 14.700 persoas, un incremento de 200 persoas respecto a 2023. As persoas desempregadas que buscaron emprego durante 1 ano a menos de 2 anos diminuíron a 15.100 en 2024, ao igual que o grupo de desempregados de longa duración (2 anos ou máis). Este grupo experimentou unha redución de 3.900 persoas respecto ao ano anterior.

En canto ás persoas que atoparon traballo, en 2024 había 8.700 persoas que deixaron de estar desempregadas porque atoparon un emprego. Este dato reflicte unha clara diminución en comparación coas 9.700 persoas que atoparon traballo en 2023.

Cadro 4.37
Poboación desempregada que traballou anteriormente.
Por tempo de búsqueda de emprego. Galicia. 2015-2024

Total poboación desempregada		De 1 ano a < 2 anos	
2015	220,3	2015	38,1
2016	196,0	2016	28,9
2017	177,4	2017	25,2
2018	149,8	2018	22,0
2019	133,9	2019	17,9
2020	136,8	2020	19,7
2021	130,0	2021	26,8
2022	124,9	2022	17,1
2023	111,0	2023	15,7
2024	107,0	2024	15,1
Menos de 6 meses		De 2 anos ou máis	
2015	47,8	2015	96,0
2016	48,1	2016	85,4
2017	47,3	2017	73,1
2018	44,0	2018	53,9
2019	42,9	2019	42,6
2020	47,0	2020	32,7
2021	42,1	2021	33,4
2022	45,6	2022	38,1
2023	41,3	2023	29,4
2024	43,0	2024	25,5
De 6 meses a < 1 ano		Xa atopou traballo	
2015	25,9	2015	12,5
2016	23,0	2016	10,6
2017	18,7	2017	13,0
2018	17,6	2018	12,2
2019	16,2	2019	14,4
2020	21,7	2020	15,8
2021	20,2	2021	7,5
2022	14,1	2022	10,0
2023	14,9	2023	9,7
2024	14,7	2024	8,7

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: IGE; INE, EPA.

4.6. O paro rexistrado

En Galicia, o número de parados rexistrados en decembro de 2024 foi de 118.838 persoas (cadro 4.38), o que supón unha redución de 10.666 respecto ao ano anterior. Esta caída é menor que a do ano 2023, cando a redución foi de 12.718 persoas. A nivel estatal, España experimentou unha rebaixa de 146.738 persoas rexistradas como paradas en 2024, unha cifra inferior á redución de 130.197 persoas en 2023. Andalucía destaca como a comunidade autónoma con maior redución en termos absolutos, con 60.101 parados menos. Canarias tamén amosou unha notable diminución, con 11.501 parados menos.

Cadro 4.38
Paro rexistrado. Por comunidades autónomas. 2024

	Parados decembro 2024	Variación anual absoluta
Andalucía	634.839	-60.101
Aragón	50.798	-1.984
Asturias	53.180	-4.192
Baleares	30.192	-1.517
Canarias	156.344	-11.501
Cantabria	29.427	-2.382
Castela-A Mancha	127.766	-7.040
Castela e León	107.291	-5.332
Cataluña	335.195	-8.186
C. Valenciana	315.503	-9.018
Extremadura	70.107	-6.858
Galicia	118.838	-10.666
Madrid	284.029	-11.836
Murcia	78.956	-4.923
Navarra	30.355	367
País Vasco	107.380	-399
A Ríoxa	12.516	-799
Ceuta	9.482	-360
Melilla	8.520	-11
España	2.560.718	-146.738

Fonte: SEPE.

O cadro 4.39 representa a evolución do paro rexistrado dende 2015 a 2024 para Galicia. Entre 2015 e 2024, as taxas de variación do paro rexistrado en Galicia cuantifican unha tendencia xeral de diminución, aínda que con excepcións. No período entre 2015 e 2019 concatenáronse sucesivas reducións no número de persoas paradas, con valores próximos ao 10% (2015-2017) e máis moderados entre 2018 e 2019 (2,35%). Porén, entre 2019 e 2020, observouse un aumento do 14,7% no número de persoas paradas, algo que mudou en 2021, cunha notable redución do 19,6%. A mellora continuou entre 2021 e 2022, cunha

diminución do 6,8%, e entre 2022 e 2023, cun descenso do 8,9% no número de parados e finalmente entre 2023 e 2024 cunha redución do 8,2%.

Cadro 4.39
Evolución do paro rexistrado.
Galicia. 2015-2024

	Nº Parados/as
2015	228.808
2016	205.914
2017	185.013
2018	169.295
2019	165.308
2020	189.587
2021	152.584
2022	142.222
2023	129.504
2024	118.838

Datos de decembro de cada ano.
Fonte: SEPE.

En 2024, a provincia da Coruña rexistra o maior número de persoas paradas (cadro 4.40), 40.765, seguida de preto por Pontevedra (46.021). Ourense e Lugo anotan un número sensiblemente inferior de parados. No total de Galicia, o paro rexistrado ascende a 118.838 persoas, cunha distribución de 4.867 menores de 25 anos (4,1%) e 113.971 maiores de 25 anos (95,9%). Esta distribución revela unha maior incidencia do desemprego entre as persoas maiores de 25 anos en todas as provincias galegas, que presentan valores próximos á dita distribución.

Cadro 4.40
Paro rexistrado. Por provincias e idades. Galicia. 2024

	Paro	<25	>25
A Coruña	46.765	1.919	44.846
Lugo	11.810	564	11.246
Ourense	14.242	616	13.626
Pontevedra	46.021	1.768	44.253
Galicia	118.838	4.867	113.971

Datos de decembro de 2023.
Fonte: SEPE.

En decembro de 2024 (cadro 4.41) as mulleres representaban o 57,4% do total de persoas inscritas no paro en Galicia. As mulleres teñen unha maior incidencia de desemprego en xeral, especialmente entre os maiores de 25 anos (57,9%). En contraste, entre os menores de 25 anos, a distribución de desemprego está máis equilibrada, cunha lixeira maior porcentaxe de homes desempregados (54,6%).

Cadro 4.41

Paro rexistrado por idades e sexos. Galicia. 2024

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	2.659	48.019
Mulleres	2.208	65.952

Datos de decembro de 2024.
Fonte: SEPE.

A distribución por sectores do paro rexistrado (cadro 4.42) reflicte para 2024 que o sector servizos segue a ser o que máis persoas desempregadas rexistra (84.772), superando notablemente a suma dos outros tres sectores produtivos: agricultura e pesca (3.796), industria (11.532), construción (7.827) e o colectivo de sen emprego anterior (10.938). En todos os casos, prodúcese unha redución do paro rexistrado, especialmente no sector servizos (6.903 persoas paradas menos). Cómpre destacar que a industria tamén presenta unha importante redución do desemprego (1.548 persoas), seguida pola construción (1.131 persoas menos). A agricultura e pesca, aínda que cunha menor cantidade total de desempregados, tamén experimenta unha diminución de 617 persoas entre 2023 e 2024. Finalmente, o colectivo de sen emprego anterior rexistra unha redución de 467 persoas, indicando unha mellora xeral no mercado laboral.

Cadro 4.42

Paro rexistrado. Por sectores. Galicia. 2024

	Parados/as	Variación Anual
Agricultura e pesca	3.769	-617
Industria	11.532	-1.548
Construción	7.827	-1.131
Servizos	84.772	-6.903
Sen emprego anterior	10.938	-467

Datos de decembro de 2024.
Fonte: SEPE.

En 2024, o paro rexistrado en Galicia revela unha clara predominancia de desempregados con estudos secundarios de educación xeral (cadro 4.43), sendo este grupo o que rexistra o maior número de persoas desempregadas (46,1%), sendo o segundo grupo máis afectado o composto por persoas con estudos primarios completos (10,1%). Estes datos confirman as tendencias detectadas previamente.

A provincia da Coruña lidera en número de desempregados en case todos os niveis académicos. Pontevedra tamén presenta cifras elevadas, sobre todo nos desempregados con estudos primarios completos e secundarios de educación xeral. Por outra banda, Lugo rexistra o menor número de desempregados en comparación coas outras provincias, destacando entre aqueles con estudos primarios incompletos e secundarios de educación xeral. Ourense, aínda que con cifras inferiores á Coruña e Pontevedra, mostra un número importante de desempregados nos mesmos niveis académicos.

Cadro 4.43

Paro rexistrado. Por nivel académico e provincias. 2024

	Sen estudos	Estudos primarios incompletos	Estudos primarios completos	Est. Secundarios		Estudos postsecundarios			
				Programa F.P.	Educ. xeral	Téc. prof. Sup.	1º ciclo	2º e 3º ciclo	Outros
A Coruña	6.008	4.003	2.870	3.338	20.052	4.402	1.463	4.597	32
Lugo	2.541	609	1.164	764	4.512	1.004	372	838	6
Ourense	304	1.252	2.237	1.032	7.093	998	320	993	13
Pontevedra	1.007	3.197	5.704	3.571	23.179	4.270	1.245	3.833	15
Galicia	9.860	9.061	11.975	8.705	54.836	10.674	3.400	10.261	66

Datos de decembro de 2024.
Fonte: SEPE.

4.7. A poboación inactiva

A análise destes datos entre 2015 e 2024 (cadro 4.44) mostra varios resultados de interese. A poboación inactiva total experimentou unha redución de 900 persoas durante este período, especialmente notable en Pontevedra, onde a poboación inactiva diminuíu en 5.500 persoas. En contraste, A Coruña incrementou en 5.700 o número de persoas inactivas.

Ao observar a distribución por grupos, máis da metade da poboación inactiva pertence ao grupo de "retirados, xubilados e pensionistas", o 61,5% do total. O segundo grupo máis numeroso é o de "estudantes", que alcanza o 15,6% da poboación inactiva. Finalmente, o grupo de "labores da casa" representa o 14,7% da poboación inactiva. Aínda que este grupo segue sendo significativo, a súa proporción é menor en comparación cos previamente referidos.

Cadro 4.44

Población inactiva por tipo de inactividade. Galicia-provincias. 2015- 2024

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Total										
A Coruña	440,6	438,4	437,9	437,5	437,8	456,9	459,5	454,1	458,0	463,7
Lugo	143,5	142,0	142,4	140,7	141,9	140,5	137,3	138,6	136,2	137,5
Ourense	145,8	143,8	142,5	141,0	141,3	141,9	139,2	138,5	137,6	137,1
Pontevedra	367,6	369,5	370,8	371,4	373,3	378,7	379,5	377,5	377,0	371,5
Galicia	1.097,5	1.093,7	1.093,6	1.090,5	1.094,2	1.118,1	1.115,5	1.108,6	1.108,8	1.109,7
Estudantes										
A Coruña	59,9	57,1	58,9	62,7	64,1	71,9	79,8	72,2	72,8	74,4
Lugo	15,6	16,8	17,6	17,5	15,2	16,9	18,7	20,6	19,6	16,5
Ourense	15,3	15,2	14,6	14,7	14,8	16,0	16,1	17,7	18,2	18,3
Pontevedra	53,2	53,2	53,0	56,8	58,6	59,3	66,1	66,7	67,0	64,0
Galicia	144,0	142,2	144,0	151,7	152,8	164,1	180,7	177,2	177,7	173,2
Retirados, xubilados e pensionistas										
A Coruña	251,0	255,0	252,0	252,3	249,7	252,0	263,2	271,9	278,3	278,3
Lugo	92,7	91,3	92,1	92,5	92,2	91,3	89,7	92,3	92,7	94,0
Ourense	89,3	89,2	91,0	88,8	88,7	87,6	91,8	95,4	93,6	90,9
Pontevedra	197,1	200,4	198,9	196,4	201,7	202,7	210,0	215,3	216,4	219,4
Galicia	630,1	635,9	634,0	630,1	632,2	633,6	654,9	674,9	681,0	682,6
Labores da casa										
A Coruña	88,3	86,4	86,5	83,6	83,7	90,7	73,8	76,7	73,9	72,2
Lugo	20,1	21,9	19,3	17,7	19,4	19,3	15,1	15,7	13,8	14,5
Ourense	25,2	24,0	23,2	21,8	22,0	22,9	19,1	17,0	15,3	17,9
Pontevedra	79,8	80,4	80,7	78,5	72,7	79,0	69,1	65,2	63,2	58,1
Galicia	213,4	212,6	209,7	201,5	197,8	211,9	177,1	174,6	166,2	162,6
Outra situación										
A Coruña	39,3	38,2	37,4	34,4	35,9	36,1	38,1	28,7	28,6	33,8
Lugo	13,9	11,1	12,2	11,6	13,4	11,4	12,4	8,7	8,7	11,3
Ourense	15,5	14,9	12,7	14,5	14,8	14,5	11,4	7,5	9,0	8,6
Pontevedra	33,3	33,5	35,3	35,8	35,6	34,0	31,3	26,7	24,5	23,9
Galicia	102,0	97,8	97,5	96,4	99,8	96,0	93,2	71,6	70,7	77,6
Non sabe. Non refire estado de inactividade										
A Coruña	2,3	1,8	3,1	4,5	4,3	6,2	4,6	4,5	4,5	5,0
Lugo	1,2	1,0	1,2	1,4	1,7	1,7	1,4	1,4	1,2	1,3
Ourense	0,5	0,5	1,1	1,1	1,1	0,9	0,7	0,9	1,5	1,4
Pontevedra	4,1	2,0	2,9	3,9	4,6	3,7	3,0	3,6	5,9	6,0
Galicia	8,0	5,3	8,4	10,9	11,7	12,5	9,6	10,4	13,1	13,7

Datos en miles.
Fonte: IGE, INE. EPA.

Para rematar este apartado, realízase unha breve análise da situación da poboación inactiva no resto das CC.AA. no cuarto trimestre de 2024 (cadros 4.45 e 4.46). Galicia e a segunda comunidade con maior porcentaxe de persoas inactivas no grupo de "xubilados e prexubilados" (48,6%). A media estatal é de 41,8%.

No grupo de "estudantes" a porcentaxe de Galicia (15,7%) é inferior ao resto das CC.AA, despois de Asturias (13,7%), namentres o indicador para España é do 20,6%.

No grupo de "labores do fogar" Galicia cun 14,8% presenta a porcentaxe máis baixa do Estado (19,5%).

En derradeiro lugar, no ano 2024 a porcentaxe de "incapacidade permanente" é do 5,7% en Galicia, lixeiramente superior a media estatal (4,9%).

POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

Cadro 4.45

Poboación inactiva por situación de inactividade e comunidade autónoma. 2024

	Total	Estudante	Xubilado ou prexubilado	Labores do fogar	Incapacidade permanente	Perceptor de pension distinta de xubilación ou prexubilacion	Outras situacións ⁽¹⁾
Andalucía	3.177,1	698,8	1.156,1	695,9	214,6	335,8	75,9
Aragón	475,8	86,1	223,5	96,7	20,5	41,1	8,0
Asturias	428,7	58,7	195,5	91,1	17,7	60,1	5,6
Baleares	402,0	79,2	156,3	89,5	13,8	37,6	25,6
Canarias	806,2	166,0	262,9	192,4	67,7	94,0	23,3
Cantabria	230,2	43,8	96,4	47,0	11,9	28,5	2,6
Castela e León	957,0	166,9	444,1	176,7	33,2	115,9	20,2
Castela- A Mancha	758,8	164,6	275,5	185,6	31,5	85,6	16,0
Cataluña	2.691,0	539,8	1.220,2	439,8	105,7	264,1	121,4
C. Valenciana	1.895,3	410,7	799,0	345,1	92,1	180,8	67,6
Estremadura	414,2	78,2	162,0	85,1	27,7	52,0	9,2
Galicia	1.115,8	175,6	542,3	165,2	63,2	143,0	26,6
Madrid	2.203,2	508,8	956,6	440,6	58,8	193,3	45,1
Murcia	537,7	127,0	193,8	125,4	27,4	51,6	12,5
Navarra	233,4	53,6	107,9	39,9	8,7	19,1	4,0
País Vasco	861,5	181,5	397,4	139,9	52,3	73,3	17,1
A Ríoxa	113,1	21,6	57,7	18,4	3,6	9,0	2,9
Ceuta	27,6	8,7	6,0	6,5	3,0	2,3	1,1
Melilla	27,9	7,8	6,2	6,5	2,0	3,8	1,7
Total	17.356,5	3.577,4	7.259,4	3.387,3	855,4	1.790,9	486,4

(1) A categoría "Outra situación" inclúe as persoas inactivas que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.
 Datos en miles.
 Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2024.

Cadro 4.46

Poboación inactiva por clase principal de inactividade e comunidade autónoma. 2024.
 Porcentaxe respecto do total de cada comunidade autónoma

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacidade permanente	Perceptor/a de pensión distinta da de xub. ou prexub.	Outras situacións ⁽¹⁾
Andalucía	100	22,0	36,4	21,9	6,8	10,6	2,4
Aragón	100	18,1	47,0	20,3	4,3	8,6	1,7
Asturias	100	13,7	45,6	21,3	4,1	14,0	1,3
Baleares	100	19,7	38,9	22,3	3,4	9,4	6,4
Canarias	100	20,6	32,6	23,9	8,4	11,7	2,9
Cantabria	100	19,0	41,9	20,4	5,2	12,4	1,1
Castela e León	100	17,4	46,4	18,5	3,5	12,1	2,1
Castela-A Mancha	100	21,7	36,3	24,5	4,2	11,3	2,1
Cataluña	100	20,1	45,3	16,3	3,9	9,8	4,5
C. Valenciana	100	21,7	42,2	18,2	4,9	9,5	3,6
Estremadura	100	18,9	39,1	20,5	6,7	12,6	2,2
Galicia	100	15,7	48,6	14,8	5,7	12,8	2,4
Madrid	100	23,1	43,4	20,0	2,7	8,8	2,0
Murcia	100	23,6	36,0	23,3	5,1	9,6	2,3
Navarra	100	23,0	46,2	17,1	3,7	8,2	1,7
País Vasco	100	21,1	46,1	16,2	6,1	8,5	2,0
A Ríoxa	100	19,1	51,0	16,3	3,2	8,0	2,6
Ceuta	100	31,5	21,7	23,6	10,9	8,3	4,0
Melilla	100	28,0	22,2	23,3	7,2	13,6	6,1
Total	100	20,6	41,8	19,5	4,9	10,3	2,8

(1) A categoría "Outra situación" inclúe as persoas inactivas que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.
 Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2024.

Na clasificación por idades (cadro 4.47) salienta que a maior porcentaxe de persoas inactivas en Galicia para o cuarto trimestre de 2024 dáse nas maiores de 65 anos co 61,5% (55,2% en España). Castela-A Mancha é a comunidade autónoma coa porcentaxe máis alta neste tramo de idade (63,9%) e a cidade autónoma de Ceuta é a que a ten máis baixa (33,7%). Séguenlle as pertencentes ao grupo de idade de 55 a 64 anos co 13,0% en Galicia (12,7% en España). Canarias é a comunidade autónoma que conta cun maior número de persoas inactivas neste tramo de idade (15,2%) e Navarra a que menos (10,8%).

En Galicia, a menor porcentaxe de persoas inactivas por grupo de idade encóntrase no intervalo de 35 a 44 anos co 2,8% (4,2% en España). Aragón, Castela-A Mancha e Estremadura (todas elas cun 2,9%) son as comunidades autónomas cunha porcentaxe máis baixa neste tramo e a cidade autónoma de Ceuta é a que acada a porcentaxe máis elevada (10,5%).

Estes datos reflicten que a poboación inactiva en Galicia está dominada principalmente polos maiores de 65 anos, seguida polo grupo de 55 a 64 anos, sendo a menor proporción as persoas no grupo de idade de 35 a 44 anos. Estes resultados poñen en evidencia o avellentamento da poboación en Galicia, así como unha menor inactividade nos grupos de idade intermedios en comparación coa media nacional.

Cadro 4.47

Poboación inactiva por grupos de idade e comunidade autónoma. 2024. Porcentaxes respecto do total de cada comunidade autónoma

	Total	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 e anos máis anos
Andalucía	100	11,0	8,0	5,2	4,5	6,7	14,8	49,9
Aragón	100	10,1	6,2	4,1	2,9	3,9	12,4	60,5
Asturias	100	6,4	5,0	2,8	3,3	5,6	13,1	63,7
Baleares	100	10,2	5,9	7,1	7,2	9,1	12,1	48,3
Canarias	100	10,8	8,1	5,2	4,6	7,6	15,2	48,6
Cantabria	100	9,9	6,3	3,0	3,2	5,5	13,4	58,6
Castela-A Mancha	100	8,4	6,2	3,5	2,9	4,2	10,9	63,9
Castela e León	100	11,3	7,0	5,2	4,3	5,6	13,6	53,0
Cataluña	100	11,2	6,2	5,0	5,0	5,8	11,3	55,5
C. Valenciana	100	10,8	6,7	4,4	5,0	5,9	12,5	54,8
Estremadura	100	9,5	7,5	3,9	2,9	5,7	15,0	55,5
Galicia	100	7,9	5,6	3,1	2,8	6,1	13,0	61,5
Madrid	100	12,2	7,9	4,1	3,7	4,0	11,0	57,0
Murcia	100	13,3	7,3	5,9	5,7	7,6	13,1	47,1
Navarra	100	12,4	7,5	4,3	3,4	4,6	10,8	57,2
País Vasco	100	9,8	7,3	4,6	3,6	3,6	11,6	59,5
A Ríoxa	100	10,7	6,5	2,9	3,6	4,1	11,1	61,2
Ceuta	100	18,5	9,1	6,9	10,5	9,4	12,0	33,7
Melilla	100	16,1	9,3	6,8	7,2	7,5	12,5	40,5
Total	100	10,7	7,0	4,6	4,2	5,7	12,7	55,2

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2024.

4.8. O subsistema de formación para o emprego

4.8.1. Introducción. Antecedentes

A formación profesional que imos tratar neste capítulo non é o ensino profesional regrado impartido dentro do sistema educativo, senón a coñecida como formación ocupacional para o emprego que abarca tanto a dirixida a persoas ocupadas co obxecto de mellorar a súa cualificación profesional (formación continua) como a destinada a persoas desempregadas (formación ocupacional) coa finalidade de adquirir as habilidades que lle permitan integrarse no mercado laboral.

A actual normativa, Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, sinala que o seu obxecto é regular no marco xeral do Sistema Nacional das Cualificacións e Formación Profesional, a planificación e o financiamento do sistema, a programación e a execución das accións formativas, o control, o seguimento e o réxime sancionador, así como a avaliación e o control da calidade.

Pero con anterioridade a esta Lei xorden os Acordos sobre o subsistema de formación continua, como importantes fitos do diálogo social e negociación colectiva no ámbito da formación ocupacional.

O seu obxectivo fundamental foi implantar e estender en empresas e persoal traballador unha cultura de formación permanente, creando un sistema de axudas á formación continua.

Ata 1993, o Sistema de Formación Profesional estaba integrado por dous subsistemas: a formación regrada, enmarcada no ámbito da Administración laboral e dirixida a persoas desempregadas a través do Plan de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP).

A formación continua era unha actividade residual que só realizaban as grandes empresas.

Foi neste marco do I Acordo Nacional de Formación Continua onde se comezou a regular a formación continua coa participación das organizacións empresariais, sindicais e Goberno. Destinouse unha parte da cota de formación profesional ao financiamento da formación continua. Este modelo foi materializado no FORCEM.

En 1996 asínase o II Acordo Nacional de Formación Continua e no 2000 os III ANFC.

En 2001 créase a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

En 2002 promúlgase a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

En 2003, o Real decreto 1046/2003, que regula o subsistema de formación continua, inscribe a súa regulación no ámbito da lexislación laboral.

En 2006, os Acordos Nacionais de Formación integraron a formación ocupacional e a formación continua nun único subsistema de formación profesional para o emprego recollido no Rd 395/2007.

A conciencia acerca do valor da formación foise implantando ao longo destes anos e converténdose nunha realidade.

4.8.2. Regulación actual do Sistema de Formación Profesional para o emprego

4.8.2.1. Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral

A lei conta con catro obxectivos estratéxicos:

- Garantir o exercicio do dereito á formación de persoas traballadoras, empregadas e desempregadas.
- Posibilitar a contribución efectiva da formación á competitividade das empresas.
- Fortalecer a negociación colectiva na adecuación da oferta formativa.
- Asegurar a eficacia e transparencia na xestión dos recursos públicos.

4.8.2.2. Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral

Consta de seis capítulos.

CAPÍTULO I: Disposicións xerais

Nel recóllense aspectos relacionados coa planificación plurianual (3 anos) na que participan as organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Establécense as modalidades formativas e as persoas destinatarias, así como os límites e porcentaxes de participación.

CAPÍTULO II: Formación programada polas empresas

Establécese que a programación e xestión das accións formativas poderá realizarse polas empresas con flexibilidade nos contidos e momentos de impartición, sendo beneficiarias calquera empresa ou entidade pública calquera que sexa o seu tamaño, sector e localización, informando os representantes legais.

CAPÍTULO III: Oferta formativa para as persoas ocupadas

Tomando como base o informe anual de prospección e detección de necesidades formativas prográmanse accións de formación sectorial, transversal e de cualificación e recoñecemento profesional.

Tamén se levará a cabo formación para traballadores e traballadoras autónomas e de economía social.

CAPÍTULO IV: Oferta formativa para persoas desempregadas

Apostarase por sectores innovadores e dando prioridade ao baixo nivel de cualificación, a necesidades educativas especiais ou con dificultade para a súa inserción ou recualificación.

Tamén se crean programas formativos que inclúen compromisos de contratación.

CAPÍTULO V: Outras iniciativas de formación

Neste capítulo recóllense os permisos individuais de formación, a formación en alternancia co emprego e a formación do persoal ao servizo da Administración pública.

CAPÍTULO VI: Réxime de funcionamento

As CC. AA. son competentes na programación, xestión, control e avaliación da formación profesional para o emprego no seu ámbito territorial e naqueles programas que transcendan ese ámbito requirirán unha actuación coordinada e homoxénea por parte do SEPE.

4.8.2.3 Real decreto-lei 36/2020, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización das administracións públicas e a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Ten como eixes fundamentais:

- Competencias dixitais para o emprego
- Emprego xuvenil
- Emprego muller e transversalidade de xénero nas políticas públicas de apoio á activación para o emprego
- Adquisición de novas competencias para a transformación dixital, verde e produtiva
- Novos proxectos territoriais para o reequilibrio e a equidade
- Gobernanza e impulso ás políticas de apoio á activación para o emprego

4.8.3. formación de demanda

Regulada polo Real decreto 395/2007 nos anos 2016 e 2017. A partir de xaneiro de 2018 pasa a regularse no marco da Lei 30/2015 e denomínase “Formación programada polas empresas”.

Características da formación de demanda:

- Responder as necesidades de formación de cada empresa e de quen traballa nelas. Inclúe tanto as accións formativas como os permisos individuais de formación. Este permiso individual é o que as empresas autorizan para realizar unha actividade formativa para a obtención dun título oficial ou certificado de profesionalidade, sen ter que estar relacionado coa actividade da empresa e cunha duración máxima de 200 horas.
- Correspóndelle á empresa a planificación e xestión das accións formativas, sendo a duración mínima de 6 horas.
- A formación irá destinada ao persoal asalariado de empresas ou entidades públicas non incluídas no ámbito das administracións públicas, con relación laboral fixa descontinua en períodos de ocupación, que accedan ao desemprego cando estean en período formativo ou acollidos a ERE en períodos de suspensión de emprego.

As empresas dispoñen dun crédito de formación e a Lei de orzamentos xerais do Estado establecerá un mínimo crédito en función do número de persoas que a empresa teña no seu cadro de persoal.

As empresas poderán organizar a formación por si mesmas con medios propios ou externos. Poderán optar por encomendar a organización a unha entidade externa e as de menos de 100 persoas poderán agruparse con criterios territoriais ou sectoriais.

Se analizamos os principais indicadores do ámbito estatal constatamos que en 2024 prodúcese un aumento de todos os indicadores, superando os cinco millóns oitocentos mil participantes. O resto dos indicadores aumentan da seguinte forma: o número de empresas formadoras sube en 3.525, aumento significativo o número de participantes (3,4% de aumento), neste indicador o aumento é inferior ao do ano 2023 que alcanzou o 5,6% de aumento. O número de mulleres participantes (46,3%) segue sendo inferior ao de homes (53.7%), pero acurtando distancias de ano en ano.

Cadro 4.48

Formación de demanda. Evolución dos principais indicadores.
Ámbito estatal. 2019-2024

	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Empresas formadoras	339.846	299.727	322.767	343.677	343.917	347.442
Cobertura empresas ⁽¹⁾	19,8%	17,4%	19,4%	20,4%	20,2%	20,5
Crédito asignado	1.178.000.000	n. d,	974.432.316	1.042.000.000	1.102.909	1.210.023.304
Crédito disposto	547.237.762	414.972.425	513.575.058	573.100.000	606.600	644.587.523
Ratio disposto	6250,0%	n.d.	53,0%	55,0%	55,0%	53,3
Participantes	4.419.905	3.853.854	4.841.385	5.327.278	5.629.518	5.824.016
Cobertura participantes ⁽²⁾	3420,0%	19,2%	36,7%	38,7%	39,4%	39,2
Horas de formación	66.099.507	53.367.120	94.890.000	71.955.326	73.374.354	77.234.241
Duración media	14,0	13,5	13,4	18,0	13,0	13,3
PIF finalizados	5.621	4.317	4.331	5.036	5.480	6.295

n.d.: dato non dispoñible
(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TXSS.
(2) Porcentaxe de participantes formados/as sobre persoas asalariadas do sector privado EPA.
Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

En Galicia cos datos dispoñibles apréciase que son similares ao conxunto do Estado:

- Aumento das empresas formadoras, 289 empresas máis
- Aumento das persoas formadas (5,78%)
- A duración media dos cursos mantense similar que no 2023.

Cadro 4.49

Formación de demanda. Evolución dos principais indicadores.
Galicia. 2019-2024

	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Empresas formadoras	25.284	22.420	23.551	24.127	22.316	22.605
Cobertura empresas ⁽¹⁾	27,9%	28,1%	25,1%	25,6%	23,6%	24,1
Crédito asignado	n.d.	n.d.	44.037.724	46.608.944	46.780.288	51.190.517
Crédito disposto	24.483.747	20.866.329	24.997.357	26.244.941	25.733.402	28.369.643
Ratio disposto	n.d.	n.d.	57	56	55	55,4
Participantes	223.278	188.995	230.213	256.586	257.852	272.754
Cobertura participantes ⁽²⁾	32,3%	19,4%	34,0%	36,3%	35,5%	36,7
Horas de formación	3.450.803	3.004.361	3.173.365	3.728.991	3.729.974	3.943.665
Duración media	15,50	15,90	15,30	14,50	14,50	14,50
PIF finalizados	216	143	128	143	156	168

n.d.: dato non dispoñible.
(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TXSS.
(2) Porcentaxe de participantes formados/as sobre persoas asalariadas do sector privado EPA.
Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España como en Galicia, concéntrase maioritariamente no sector servizos, chegando ao 67,2% en Galicia e ao 73,5% no conxunto do Estado. Datos similares aos de 2023, que supoñen un reflexo das ocupacións máis demandadas.


No sector industrial destaca Galicia, que destina unha porcentaxe superior de horas de formación en comparación coas destinadas polo resto do Estado.

Cadro 4.50

Formación de demanda. Distribución sectorial das horas de formación. Galicia/España. 2021-2024

	2021				2022				2023				2024			
	Galicia	%	España	%	Galicia	%	España	%	Galicia	%	España	%	Galicia	%	España	%
Agricultura	77.523	2,20	952.500	1,50	82.644	2,22	1.398.176	1,94	74.010	1,98	1.225.156	1,67	73.641	1,87	1.163.767	1,51
Industria	788.416	22,42	12.067.372	18,60	84.688	2,27	12.786.623	17,77	787.764	21,12	12.973.005	17,68	854.836	21,68	13.601.263	17,61
Construción	376.658	10,71	5.069.520	7,81	391.294	10,49	5.492.908	7,63	344.635	9,20	5.352.411	7,29	366.397	9,29	5.711.012	7,39
Comercio	585.044	16,64	9.823.618	15,14	621.290	16,66	11.085.586	15,41	652.468	17,50	11.417.670	15,56	647.298	16,41	11.762.172	15,23
Hostalaría	243.661	6,93	4.146.764	6,39	262.035	7,03	5.061.566	7,03	281.885	7,50	5.435.888	7,41	303.255	7,69	5.969.187	7,73
Outros servizos	1.445.367	41,10	32.824.422	50,59	1.531.085	41,06	36.130.467	50,21	1.589.212	42,60	36.970.224	50,39	1.698.238	43,10	39.026.840	50,53
Total sectores	3.516.669	100,00	64.884.146	100,00	3.728.991	100,00	71.955.326	100,00	3.729.974	100,00	73.374.354	100,00	3.943.665	100,00	77.234.241	100,00

Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.




A nivel provincial, destaca A Coruña co maior número de empresas formadoras, seguida de Pontevedra. Ao igual que en persoas formadas, estando A Coruña á cabeza e seguida de Pontevedra.

Cadro 4.51

Formación de demanda. Principais indicadores por provincias. Galicia 2024

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Empresas formadoras	8.440	3.098	2.715	8.352	22.605
% Provincia	37,3	13,7	12,0	36,9	100,0%
Persoas formadas	115.760	31.865	26.453	98.676	272.754
% Provincia	42,4	11,7	9,7	36,2	100,0%
% Provincia mulleres	44,7%	41,7%	445,2%	46,1%	
% Provincia homes	55,3%	58,3%	54,8%	53,9%	

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.



No cadro 4.52 reflíctese o perfil das persoas participantes, sendo a franxa de idade de 46 a 55 anos tanto no grupo de mulleres como no de homes, a que maior número de participantes concentra. A franxa de idade entre 26 a 45 anos supón case a metade das persoas formadas.

Cadro 4.52

Formación de demanda. Perfil das persoas formadas por idade. Galicia 2024

ANOS	HOMES			MULLERES		
	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media
De 16 a 25	9.017	5,8	17,2	5.812	4,9	17,3
De 26 a 35	29.581	19,2	15,5	23.195	19,6	17,6
De 36 a 45	46.315	30,0	13,7	35.976	30,4	15,3
De 46 a 55	50.715	32,8	12,9	40.847	34,5	13,6
Maiores de 55	18.798	12,2	14,1	12.488	10,6	13,1
Sen datos	7	0,0	8,6	3	0,0	43,3
Total	154.433	100	14,0	118.321	100,0	15,0

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Segundo o nivel de estudos, son os homes con estudos primarios (EGB ou equivalente) os que concentran o maior número de participantes, seguidos dos homes con estudos secundarios (formación profesional, bacharelato, BUP ou equivalente). Estes dous niveis concentran en torno ao 68,4% dos homes.

No grupo de mulleres son as de estudos terciarios as que maior número de participantes presentan, case o 40,1%, seguido do grupo de mulleres con estudos secundarios co 31,6%.


A duración media das horas de formación no colectivo feminino é maior na categoría de outros estudos con 22,2 horas, similar ao masculino que alcanzan as 21,8 horas. Tanto en mulleres como en homes a menor duración media a ten o grupo de estudos primario.

Cadro 4.53

Formación de demanda. Perfil das persoas formadas por nivel de estudos. Galicia 2024

NIVEL DE ESTUDOS	HOMES			MULLERES		
	Participantes formados	%	Duración media	Participantes formadas	%	Duración media
Estudos primarios	56.668	36,7	12,7	28.656	24,2	12,4
Estudos secundarios	49.006	31,7	13,6	37.412	31,6	14,2
Estudos terciarios	45.006	29,1	15,5	47.457	40,1	16,6
Outros estudos	3.753	2,4	21,8	4.796	4,1	22,2
Total	154.433	0,00	14,00	118.321	15,00	0,00

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.



Se é o tamaño da empresa a variable a ter en conta, son as de máis de 4.999 persoas traballadoras as que reúnen o maior número de participantes formados no grupo de homes, seguido das de entre 10 e 49. No de mulleres son tamén as empresas de máis de 4.999 persoas traballadoras as que maior número de participantes contan, seguido das de entre 1.000 e 4.999.

En canto á duración media, non é directamente proporcional ao número de persoas traballadoras; nalgúns tramos, a menor número, maiores son as horas de formación. Como exemplo, en 2024 no colectivo feminino e en empresas de 1 a 5 persoas dedicáronse unha media de 48 horas e nos homes a media alcanzou as 38,6 horas de formación.

O sector de actividade que concentra maior número de mulleres formadas é o de “outros servizos” seguido do comercio, mentres que no grupo de homes é “outros servizos” seguido da industria.

Cadro 4.54

Formación de demanda. Perfil das persoas formadas
Por tamaño da empresa e sector de actividade. Galicia. 2024

	HOMES			MULLERES		
	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media
TAMAÑO DA EMPRESA						
De 1 a 5	8.088	5,24	38,60	8.111	6,90	48,00
De 6 a 9	5.366	3,5	26,40	3.755	3,20	37,90
De 10 a 49	30.402	19,69	17,70	14.170	12,00	25,00
De 50 a 99	13.311	8,62	13,00	9.142	7,70	1402,00
De 100 a 249	20.917	13,54	11,50	11.533	9,70	12,50
De 250 a 499	10.075	6,52	11,00	7.778	6,60	11,80
De 500 a 999	12.455	8,06	8,70	7.717	6,50	9,80
De 1.000 a 4.999	20.207	13,08	10,60	18.038	15,20	9,70
Más de 4.999	33.606	21,76	9,70	38.077	32,20	7,20
Otras	6	0,00	31,80	0	0,00	0,00
SECTOR DE ACTIVIDADE						
Agricultura	2.595	1,68	22,30	715	0,60	22,20
Industria	52.437	33,95	11,70	17.182	14,52	14,20
Comercio	19.562	12,67	16,40	22.560	19,07	14,50
Construción	19.173	12,42	15,90	2.023	1,71	30,90
Hostalaría	3.580	2,32	30,30	7.300	6,17	26,70
Outros servizos	57.086	36,96	13,40	68.541	57,93	13,60
Sin sector	1	0,00	30,00	2	0,00	75,00
Total	154.434	100		118.323	100	

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.


Con respecto á modalidade de formación, a presencial experimentou un aumento pasando do 56,5% de persoas participantes ao 61,2%. Tras a fin da COVID-19 volveuse a formación presencial, mentres que a teleformación descende levemente, quedando no 38% (42,3% en 2023), e a mixta baixa lixeiramente ata o 0,7%. A duración media é inversamente proporcional ao número de participantes, xa que a modalidade presencial só tivo unha media de duración de 9,6 horas, fronte á modalidade mixta que foi de 45 horas e 21,7 en teleformación.

Cadro 4.55

Formación de demanda. Persoas formadas segundo tipoloxía da formación. Galicia 2022-2024

MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	TOTAIS 2022			TOTAIS 2023			TOTAIS 2024		
	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media
Presencial	157.056	61,20	9,70	156.872	56,50	10,10	166.942	61,20	9,60
Mixta	3.768	1,50	37,30	3.126	1,10	42,50	1.936	0,70	45,00
Teleformación	95.762	37,30	21,50	117.484	42,30	30,20	103.876	38,08	21,70

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.



Se a variable de referencia son as familias profesionais, aprécianse diferenzas segundo sexan de España ou Galicia as persoas participantes. No primeiro caso é a de “administración e xestión” co 29,6% seguida de “seguridade e medio ambiente” co 22,9%. de No caso de Galicia o primeiro lugar ocúpao “servizos socioculturais e á comunidade” co 27,9% seguida de “administración e xestión” co 24,9%.

Existen familias profesionais con apenas representación, tanto en Galicia como en España, como industrias extractivas ou imaxe e son que non alcanzan o 1%.

Cadro 4.56

Formación de demanda. Persoas formadas segundo familia profesional. España - Galicia 2024.

FAMILIA PROFESIONAL ⁽¹⁾	ESPAÑA	GALICIA
	Participantes	Participantes
Actividades físicas e deportivas	6.451	641
Adminsitración e xestión	1.719.325	65.715
Agraria	17.545	741
Artes gráficas	7.816	417
Comercio e marketing	384.994	19.710
Edificación e obra civil	50.973	4.130
Electricidade e electrónica	29.325	1.737
Enerxía e auga	30.145	2.300
Fabricación mecánica	29.466	2.788
Hostalaría e turismo	72.964	2.578
Imaxe persoal	6.964	423
Imaxe e sonido	6.040	189
Industrias alimentarias	252.871	18.605
Industrias extractivas	5.242	998
Informática e comunicacións	292.874	13.232
Instalación e mantemento	73.517	2.427
Química	14.362	622
Sanidade	179.866	75
Seguridade e medio ambiente	1.329.380	7.576
Servizos socioculturais e á comunidade	542.801	73.638
Transporte e mantemento de vehículos	150.066	19.482
Formación complementaria	611.369	26.323
TOTAL	5.814.356	264.347

(1) Por familia profesional enténdese o conxunto de cualificacións en que se estrutura no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional. Hai 26 familias profesionais. Neste cadro téñense en conta tan só aquelas familias profesionais máis representativas.

A porcentaxe refírese ao tanto por cento de todos as persoas formadas en todas as familias profesionais.

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

4.8.4. Formación de oferta

As accións formativas subvencionadas están dirixidas a cubrir as necesidades non cubertas pola formación programada polas empresas para o seu persoal.

A formación de oferta abarca accións formativas das administracións laborais e comprenden as seguintes iniciativas:

4.8.4.1. Oferta formativa para persoas ocupadas:

- Programas formativos sectoriais.
- Programas formativos transversais.
- Programas formativos intersectoriais/ transversais de economía social.
- Programas formativos intersectoriais / transversais de autónomos.

Esta oferta atende as necesidades formativas non cubertas polas empresas e desenvólvese de forma complementaria.

Poderán participar ademais das persoas ocupadas, as desempregadas nas porcentaxes que se establezan.

O obxecto desta oferta é atender os requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás necesidades de adaptación aos cambios no sistema produtivo, do mesmo xeito que ás necesidades de promoción, desenvolvemento persoal e mellora da empregabilidade.

As actividades de formación que se levaron a cabo durante o 2024 son dos plans de formación dos anos 2022, 2023 e 2024. A nivel estatal o 65% das persoas participantes son da convocatoria Programa de formación 2022, 69% en Galicia; o 21% en España e o 18,6% en Galicia son da convocatoria de Turismo 2023.

Das persoas participantes comunicadas, o 71,8% son ocupadas e un 28,2% desempregadas en Galicia, mentres que en España o 73,5% son ocupadas e o 26,5% desempregadas. A taxa media de cobertura formativa nacional é do 3% entre a poboación ocupada (2,8% en Galicia) e do 7% entre a desempregada (8,9% en Galicia). A taxa de cobertura aumenta en todos os grupos, ocupados e desempregados, e a nivel nacional e de Galicia.

Cadro 4.57

Formación subvencionada. Indicacións globais. España - Galicia. 2024

CONVOCATORIA	PARTICIPANTES		HORAS FORMACIÓN		DURACIÓN MEDIA	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Programa de Formación 2022	477.664	25.900	35.171.212	1.927.620	73,6	74,4
Turismo 2023	154.628	6.979	10.548.068	483.792	68,2	69,3
Licitacion ERTES	52.335	1.973	3.485.725	115.664	66,6	58,6
DS e negociación Coletiva 2023	22.946	983	716.187	38.419	31,2	39,1
Microcreditos Entidades 2023	15.025	825	2.064.020	96.930	134,4	117,5
DS e negociación Coletiva 2024	7.666	638	210.110	24.037	27,4	37,7
Microcréditos Entidades 2024	2.465	73	112.820	3.480	45,8	41,7
ERTES 2022-2023 (plazo 2)	345	25	41.996	3.060	121,7	122,4
Compromiso de contratación 2022-2023 (plazo 5)	218	7	39.560	840	181,5	120,0
Microcréditos Persoas 2024	218	12	26.761	2.050	102,8	170,8
Microcréditos Persoas 2023	149	5	18.837	675	126,4	135,0
Compromiso contratación 2022-2023 (Prazo 2)	142	4	75.880	2.280	534,4	570,0
Compromiso contratación 2022-2023 (Prazo 4)	93		25.160		270,5	
Compromiso contratación 2022-2023 (Prazo 3)	58		38.564		664,9	
Total	733.952	37.424	52.574.900	2.698.847		

Elaboración propia con datos da FUNDAE.

Cadro 4.58

Formación subvencionada. Indicacións globais por modalidade e nivel de estudos e sexo. España - Galicia. 2024

	España	Galicia
PARTICIPANTES POR MODALIDADE		
Teleformación	641.315	33.588
Presencial	79.316	2.767
Mixta	13.321	1.069
NIVEL DE ESTUDOS		
Primarios	273.764	11.190
Secundarios	210.644	11.302
Terciarios	248.076	14.895
Outras titulacións	1.468	37
XÉNERO		
Home	299.452	13.959
Muller	434.500	23.465

Elaboración propia con datos da FUNDAE.

En relación coa modalidade de formación, a teleformación é a que conta con maior número de participantes, seguida da presencial a moita distancia..

Segundo o nivel de estudos, en España son as persoas con estudos primarios as que acumulan maior porcentaxe de participantes, mentres que en Galicia son as de estudos terciarios. E como en anos anteriores hai maior presenza feminina, 62,7% en Galicia e 59,2% en España, fronte a 37,3% de homes en Galicia e 40,8% en España.

4.8.4.2. Oferta formativa para persoas desempregadas

No momento do peche deste capítulo non estaban dispoñibles os datos facilitados polas administracións encargadas da súa execución.

Os últimos datos dispoñibles son do 2023 nos que se realizaron 1.203 accións formativas, nas que participaron 10.946 persoas (5.226 homes e 5.721 mulleres).

Nos dous grupos son as persoas de 35 ou máis anos as que concentran o maior número de participantes.

4.8.5. Outras iniciativas de formación

4.8.5.1. Permisos individuais de formación (PIF)

Cando a empresa conceda un PIF, entenderase cumprido o dereito ao permiso retribuído de 20 horas anuais de formación.

En Galicia é maior o número de participantes mulleres e en consecuencia maior o número de horas de permiso de formación, igual que en España. Con relación a 2023 en Galicia prodúcese un leve ascenso de participantes mulleres, así como de horas de permiso de formación, que aumentan. No caso dos homes se experimenta un leve descenso. En España aumentan tanto o número de horas de formación como o número de participantes tanto en homes como en mulleres.

Cadro 4.59
Permisos individuais de formación. Participantes e horas de permiso. Galicia - España. 2024

	Participantes	Horas de formación
GALICIA		
Homes	69	5.608
Mulleres	99	7.281
Total	168	12.889
ESPAÑA		
Homes	2.719	216.467
Mulleres	3.555	248.473
Total	6.274	464.940

Elaboración propia con datos da FUNDAE.

4.8.5.2 Formación en alternancia co emprego

Está integrada polos programas públicos de emprego-formación, que inclúen os programas de escolas-obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación e emprego.

As escolas-obradoiro e casas de oficios son programas públicos de emprego-formación que teñen como finalidade a inserción laboral de mozas e mozos sen emprego menores de 25 anos a través de formación en alternancia co emprego, a práctica profesional en ocupacións relacionadas coa recuperación patrimonial do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural.

Os obradoiros de emprego combinan formación e emprego dirixidos a desempregadas e desempregados de 25 ou máis anos, con dificultades de inserción laboral (persoas desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, persoas con discapacidade...). Participan en obras ou servizos de utilidade pública recibindo unha formación relacionada coa actividade e cunha duración mínima de 6 meses e máxima dun ano.

Do mesmo xeito que no caso da formación para persoas desempregadas, na data de peche deste capítulo no estaban dispoñibles os datos facilitados polas administracións encargadas da súa execución.

Os últimos datos dispoñibles do 2023, en Galicia, houbo 1.221 persoas participantes destas accións, das que finalizaron un total de 1.201 persoas.